




DEREITOS DAS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

CADERNOS DO GABINETE DE IGUALDADE ♦ Número 3

Cadernos do Gabinete de Igualdade

Caderno 3. Dereitos das vítimas de violencia de xénero

Setembro de 2020

Coa colaboración de:



ÍNDICE

Que é a violencia de xénero?	5
Formas de violencia de xénero	5
Violencia simbólica	6
Quen é vítima de violencia de xénero?	9
Certificación de vítima de violencia de xénero	9
Dereitos das vítimas de violencia de xénero	10
Dereito á información, con garantía de confidencialidade	10
O dereito a asistencia xurídica gratuíta, inmediata e especializada comprende	11
O dereito de protección busca garantir a seguridade das vítimas de violencia	11
Dereito á atención sanitaria	12
Atención psicolóxica	12
Dereitos en materia de formación, emprego e inserción laboral	13
Dereitos económicos	14
Beneficios sociais	18
Dereito á escolarización inmediata	18
Bolsas e axudas ao estudo	18
Acceso á vivenda	19
Equipamentos sociais especializados	19
Acceso prioritario ás vivendas de promoción pública	19
Axudas escolares	19
Procedemento abreviado para a percepción da renda de integración social de Galicia	20
Dereitos das traballadoras autónomas economicamente dependentes	20
Dereitos das traballadoras por conta allea	20
Garantir e mellorar os dereitos na negociación colectiva	21
Anexo I	23
Anexo II: centros de información da muller (CIM)	24

QUE É A VIOLENCIA DE XENERO?

A ONU defínea como unha manifestación das relacións de poder historicamente desiguais entre mulleres e homes. Trátase dunha violencia que se dirixe ás mulleres polo feito mesmo de sérenas, por ser consideradas, polos seus agresores, carentes dos dereitos mínimos de liberdade, respecto e capacidade de decisión.

Violencia de xénero ou violencia contra as mulleres é todo acto de violencia baseado na pertenza ao sexo feminino que teña ou poida ter como resultado un dano ou sufrimento físico, sexual ou psicolóxico para a muller, así como as ameazas de tales actos, a coacción ou a privación arbitraria da liberdade, tanto se se producen na vida pública como na vida privada. (Declaración sobre a eliminación da violencia contra a muller, ONU, 1993).

Esta violencia:

- ✓ Significa impor pensamentos, valores, accións coa forza. Facerse valer co medo. Infravalorar.
- ✓ Implica: xerarquía, dominio e control.
- ✓ Pode ser directa, estrutural (formas de organización política e económica) ou cultural.
- ✓ Pódese manifestar a distintos niveis: físico, psicolóxico e/ou sexual.

FORMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

- ✓ **Violencia física**, que inclúe calquera acto de forza contra o corpo da muller, con resultado ou risco de producir unha lesión física ou dano, exercida por quen sexa ou fora o seu cónxuxe ou por quen estea ou estivera ligado a ela por análoga relación de afectividade, aínda sen convivencia.

Igualmente, terán a consideración de actos de violencia física contra a muller os exercidos por homes do seu ámbito familiar ou do seu círculo social e/ou laboral.

- ✓ **Violencia psicolóxica**, que inclúe toda conduta, verbal ou non verbal, que produza na muller desvalorización ou sufrimento, mediante ameazas, humillacións ou vexacións, esixencia de obediencia ou submisión, coercións, insultos, illamento, culpabilización ou limitacións da súa liberdade, exercida por quen sexa ou fora o seu cónxuxe ou por quen estea ou estivera ligado a ela por análoga relación de afectividade, aínda sen convivencia.

Igualmente, terán consideración de actos de violencia psicolóxica contra a muller os exercidos por homes do seu ámbito familiar ou do seu círculo social e/ou laboral.

- ✓ **Violencia económica**, que inclúe a privación intencionada, e non xustificada legalmente, de recursos para o benestar físico ou psicolóxico da muller e das súas fillas e fillos, a discriminación da disposición dos recursos compartidos no ámbito da convivencia da parella.
- ✓ **Violencia sexual e abusos sexuais**, que inclúen calquera acto de natureza sexual forzado polo agresor ou non consentido pola muller, abarcando a imposición, mediante a forza ou con intimidación, de relacións sexuais non consentidas e o abuso sexual, con independencia de que o agresor garde ou non relación conxugal, de parella, afectiva ou de parentesco coa vítima.
- ✓ **Acoso sexual** é calquera comportamento, verbal ou físico, de natureza sexual, que teña o propósito ou produza o efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa, en particular cando se crea un ambiente intimidatorio, degradante ou ofensivo.
- ✓ **O tráfico** de mulleres e nenas con fins de explotación sexual.
- ✓ **Calquera outra forma** de violencia recollida nos tratados internacionais que lesione ou sexa susceptible de lesionar a dignidade, integridade ou liberdade das mulleres.

VIOLENCIA SIMBÓLICA

«Non ser consciente de que se vive nunha sociedade que actúa cun sistema de privilexios permite que estes sigan existindo, xa que os privilexios sempre se obteñen á custa dos dereitos de alguén». Marina Olisa

A violencia simbólica é un concepto acuñado por Pierre Bordieu na década dos 70. Utilízase para describir unha relación social na que o «dominador» exerce un modo de violencia indirecta e non fisicamente directa contra os «dominados», que non a evidencian ou son inconscientes desas prácticas na súa contra, polo cal son «cómplices da dominación á que están sometidos».

Esta violencia está interiorizada e naturalizada ata o punto de que cremos que as cousas «sempre foron así» e, polo tanto, os nosos valores e lugares dentro da sociedade serían non só incuestionables, senón tamén inmutables.

Nos medios de comunicación, é violencia simbólica todo o que reforza os estereotipos, pois está poñendo a cadaquén «no seu sitio»; todo o que é capaz de estigmatizar é responsable do pensamento segregacionista, todos os segregados son «distintos a min» e vistos como menos persoas no inconsciente. Canto menos persoa se é, menos dereitos e máis susceptible se volve a persoa aos abusos en todas as esferas.

Algúns exemplos da violencia simbólica patriarcal axúdannos a comprender mellor de onde xorde a violencia de xénero e a que reflexionemos ao respecto:

- ✓ A publicidade, o refraneiro popular, algúns chistes, os medios audiovisuais... amosan as mulleres en situacións de subalternas e/ou sufrindo violencia.
- ✓ Díselles ás mulleres que os seus corpos non son suficientemente bos e que necesitan ser moldeados/camuflados: un exemplo serían os suxeitadores *push-up*, que suxiren que os seus seos deberan ser a proba de gravidade. Ou as cremas para eliminar engurras e as tinguiduras de pelo, que insinúan que a idade é algo que teñen que disimular custe o que custe. Os tacóns, a maquiillaxe, a «operación bikini», que non significan outra cousa que se o corpo da muller non é perfecto segundo os estándares do patriarcado que o cousifica, non é digno de ensinar-se con orgullo.
- ✓ Restrinxir a mobilidade das mulleres é outra maneira de facelas prisioneiras dos seus corpos (e da propia condición de muller). Limitando os movementos dunha muller a través do burca, que resulta o exemplo máis gráfico e sinxelo, mentres que a roupa occidental se crea para cousificar o corpo das mulleres, realzar a súa figura e identificalas tamén dentro da nosa sociedade: tacóns, roupa axustada, saias desproporcionadamente curtas... todo pensado non para o benestar das mulleres senón para que resulten desexables. Outra maneira máis de restrinxir a mobilidade das mulleres é determinando que sitios deberían ocupar e «suxeríndolles» a cales pertencer (aquí podemos exemplificar coa discriminación laboral que supón a segregación horizontal e vertical que sofren as mulleres no mercado laboral).
- ✓ A muller tamén ten a mobilidade restrinxida cando, na denuncia por violación ou acoso, se lle pregunta á vítima que roupa levaba.
- ✓ A linguaxe tradicionalmente machista: dáse unha forte representación do patriarcado a través da linguaxe sobre todo e, como exemplo, nas palabrotas: cando estas descualifican as mulleres con connotacións sexuais, teñen unha gran representación e unha orixe ideolóxica de vulgarización, banalización e desprezo das mulleres, representando notablemente a violencia simbólica contra as mulleres. Tamén as chanzas que empregan estereotipos para facer rir pero que non consideran o feito de que están ancoradas en determinados valores e prexuízos solidificados na sociedade e, aínda que moitas veces non teñen esa intención por parte de quen as usa, denotan igualmente e dan visibilidade ao discurso ideolóxico patriarcal. Así que, se nos facemos conscientes do que dicimos e como o dicimos, estamos comezando a comprender a fenda de xénero que o impregna todo.

Como di Irantzu Varela, *«nosoutas queremos a metade de todo. Sempre que non sexamos a metade, deberíase preguntar o porqué»*.

Segundo Nuria Varela, a violencia simbólica non é «outro tipo de violencia» como a física, psicolóxica ou económica, senón un continuo de actitudes, xestos, patróns de conduta e crenzas, cuxa conceptualización permite comprender a existencia da opre-

sión e subordinación, tanto de xénero, como de clase ou raza. A violencia simbólica son os resortes que sosteñen ese maltrato e o perpetúan e está presente en todas as demais formas de violencia garantindo que sexan efectivas.

Cando falamos de violencia simbólica referímonos á familia patriarcal, á maternidade forzada, á educación androcéntrica, á heterosexualidade obrigatoria, ás relixións misóxinas, á historia roubada, ao traballo sexuada, ao dereito monosexista, etc.; pero, fundamentalmente, aos xestos, silencios, miradas, signos, mensaxes que fan posible que esas institucións existan porque designan a mulleres e homes, desde que nacen, a posición social que ocuparán, o rol de xénero a través do cal exercerán posicións de poder ou de subordinación. Este tipo de violencia é invisible e dificilmente codificable, polo que resulta máis efectiva canto máis sutil. Como tal non ten un soporte específico, como a violencia mediática, nin se manifesta fisicamente, como os golpes ou o feminicidio. Porén, é o fundamento que sostén e dá sentido á estrutura xerárquica da sociedade, apoiándose nas relacións de dominación dos homes sobre as mulleres.

Volvendo ao sociólogo Bourdieu, afirma que esta dominación prescinde de xustificacións, imponse como neutra e non precisa de discursos que a lexitimen. É unha orde social que funciona como «unha inmensa máquina simbólica» apoiada na división sexual do traballo, a estrutura do espazo e a estrutura do tempo, cada unha con ámbitos femininos e masculinos delimitados:

«O mundo social constrúe o corpo como realidade sexuada e como depositario de principios de visións e división sexuais [...]. A diferenza biolóxica entre os sexos, é dicir, entre os corpos masculino e feminino e, moi especialmente, a diferenza anatómica entre os órganos sexuais, pode aparecer dese modo como a xustificación natural da diferenza socialmente establecida entre os sexos, e en especial da división do traballo.»

A estrutura de dominación que desta maneira se constitúe é o resultado dun traballo continuo, histórico, de reprodución, no que colaboran axentes singulares (os homes que exercen a violencia física ou psicolóxica) e institucionais (a familia, a igrexa, a escola e o estado). Trátase dunha violencia suave e invisible que se institúe mediante a adhesión que a persoa dominada sente que ten que conceder ao dominador, xa que as ferramentas de que dispón para pensarse a si mesma son as que comparte co dominador. Por iso a relación de dominación semella natural.

En definitiva, a violencia simbólica é unha forma de poder que se exerce directamente sobre os corpos (na forma de emocións, paixóns, sentimentos) e «como por arte de maxia». Por iso non a podemos anular mediante un esforzo de vontade baseado nunha toma de conciencia liberadora. Para Bordieu, a ruptura da relación de complicidade entre vítimas e dominadores só pode producirse a través dunha transformación radical das condicións sociais.

A lingua como vehículo discriminatorio:

- ✓ A aprendizaxe de xénero efectuámola a través da linguaxe. A linguaxe é vehículo de toda clase de discriminación.
- ✓ É unha forma de estruturar a nosa mente ante a vida, e determina, en boa medida, as nosas percepcións, pensamentos e representacións.
- ✓ Transmítese de xeración en xeración.

QUEN É VÍTIMA DE VIOLENCIA DE XÉNERO?

Para os efectos da LO 1/2004, é vítima de violencia de xénero a muller que é obxecto de calquera acto de violencia física e psicolóxica, incluídas as agresións á liberdade sexual, as ameazas, as coaccións ou a privación arbitraria de liberdade, exercida sobre ela por quen sexa ou fora cónxuxe ou por quen estea ou estivera ligado a ela por relacións familiares de afectividade, aínda sen convivencia.

Esta forma de violencia contra as mulleres é unha violación dos dereitos humanos e expresión da discriminación, da situación de desigualdade e das relacións de poder dos homes sobre as mulleres.

Ademais, os seus fillos e fillas menores de idade e os/as menores de idade suxeitos á súa tutela ou garda e custodia son vítimas desta violencia, e a LO 1/2004 recoñécelles toda unha serie de dereitos recollidos nos artigos 5, 7, 14, 19.5, 61.2, 63, 65, 66 e na disposición adicional décimo sétima.

CERTIFICACIÓN DE VÍTIMA DE VIOLENCIA DE XÉNERO

Considerarase acreditada a situación de vítima de violencia de xénero polas seguintes vías:

- ✓ Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, ou testemuño ou copia autenticada pola secretaria ou secretario xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar.
- ✓ Sentenza de calquera orde xurisdiccional que declare que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas nesta lei.
- ✓ Certificación e/ou informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local.
- ✓ Certificación dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local.
- ✓ Informe do ministerio fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.
- ✓ Informe da Inspección de Traballo e da Seguridade Social.
- ✓ Outras que se establezan regulamentariamente

DEREITOS DAS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

O dereito a asistencia social integral inclúe servizos sociais de atención, emerxencia, apoio, acollida e recuperación temporal, que responden aos principios de atención permanente, urxente e especialización e multidisciplinariedade profesional. Busca dar cobertura ás necesidades derivadas da situación de violencia de xénero, intentando paliar os seus efectos. Este dereito pretende posibilitar que as mulleres (e os/as menores):

- ✓ Reciban asesoramento sobre os seus dereitos e as actuacións que poden emprender.
- ✓ Coñezan os servizos aos que poden dirixirse para solicitar asistencia material, médica, psicolóxica e social.
- ✓ Accedan aos recursos de aloxamento, nos que está garantida a súa seguridade e cubertas as súas necesidades básicas (emerxencia, acollida temporal, centros tutelados, etc.).
- ✓ Recuperen a súa saúde física e/ou psicolóxica.
- ✓ Reciban apoio psicosocial ao longo de todo o itinerario de recuperación integral, evitando a dobre vitimización.
- ✓ Logren formación e inserción ou reinserción laboral.

DEREITO Á INFORMACIÓN, CON GARANTÍA DE CONFIDENCIALIDADE

- ✓ A través de servizo telefónico gratuíto nun número curto de tres díxitos (016) para a información e o asesoramento xurídico.
- ✓ Por correo electrónico ao servizo en liña: 016-online@msssi.es.
- ✓ Accesible ás persoas con discapacidade auditiva e/ou da fala por varios medios:
 - O número 900 116 016
 - Servizo Telesor a través da propia páxina web: <https://www.telesor.es>
 - Servizo de videointerpretación SVIsual a través da páxina: <http://www.svisual.org>
- ✓ Web de recursos de apoio e prevención ante casos de violencia de xénero, dispoñible na páxina web do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, na Área de Igualdade: www.seigualdad.gob.es

O DEREITO A ASISTENCIA XURÍDICA GRATUÍTA, INMEDIATA E ESPECIALIZADA COMPRENDE:

- ✓ Asesoramento e orientación gratuítos antes do proceso, especialmente no momento previo á interposición da denuncia.
- ✓ Defensa e representación gratuítas en todos os procedementos e procesos administrativos.
- ✓ Exención do pagamento de taxas xudiciais e depósitos necesarios para a interposición de recursos.
- ✓ Asistencia pericial gratuíta no proceso, a cargo do persoal técnico adscrito aos órganos xurisdicionais, ou, se non o houber, a cargo de persoal funcionario, organismos ou servizos técnicos dependentes das Administracións públicas.
- ✓ Gratuidade ou redución do 80 % dos dereitos arancelarios ou documentos notariais.
- ✓ Inserción gratuíta de anuncios ou edictos, no curso do proceso, en periódicos oficiais.

E inclúe tamén o dereito a asistencia letrada.

O DEREITO DE PROTECCIÓN BUSCA GARANTIR A SEGURIDADE DAS VÍTIMAS DE VIOLENCIA

A Xunta de Galicia, a través do departamento de políticas de igualdade, coordinará a implantación dos diversos dispositivos de alarma a disposición das mulleres que sofren vx e tenderá a unificalos.

Igualmente, a Xunta de Galicia, a través dos departamentos competentes en políticas de igualdade, de xustiza, de interior, de protección civil e de investigación, innovación e desenvolvemento, deseñará e implantará sistemas especiais de protección para as mulleres en situación de risco que o precisen.

Mediante o Protocolo para a implantación da Orde de protección das vítimas de violencia doméstica, sistematízanse os aspectos máis relevantes para a aplicación e a coordinación entre as entidades implicadas na protección:

https://violenciagenero.igualdad.gob.es/profesionales/Investigacion/seguridad/protocolos/pdf/Protocolo_implantacion_orden_proteccion.pdf

Neste documento inclúese, no punto 3.1 («Medidas penais e de seguridade»), a posibilidade de que o xuíz ou xuíza, en función da gravidade dos feitos e da necesidade de protección integral da vítima, poida adoptar algunha das medidas cautelares legalmente previstas (prisión provisional, prohibición de aproximación, prohibición de resi-

dencia, prohibición de comunicación, retirada das armas ou calquera outra). Tamén os mecanismos axeitados para o control e seguimento da aplicación da orde de protección.

DEREITO Á ATENCIÓN SANITARIA

Os servizos públicos de saúde garantirán ás mulleres que sofren ou sufriran calquera tipo de violencia de xénero (tipificado na lei) o dereito á atención sanitaria e ao seguimento da evolución do seu estado de saúde ata o seu total restablecemento, no tocante á sintomatoloxía ou secuelas derivadas da situación de violencia sufrida.

Nestes supostos, os servizos serán gratuítos e accesibles con carácter preferente, se for o caso, para todas as mulleres que sufran ou sufriran vx, garantindo a privacidade e a intimidade das mulleres e respectando as decisións que elas tomen.

Os plans de saúde da Xunta de Galicia e, en especial, o PLAN DE ATENCIÓN INTEGRAL Á SAÚDE DAS MULLERES prevén na súa redacción inicial e nas súas revisións periódicas, medidas específicas para a prevención, detección, atención e intervención nos casos de vx. Así mesmo, inclúen disposicións específicas que contribúan a avaliar o impacto e os efectos da vx sobre a saúde das vítimas.

Tamén se establecerán actuacións e protocolos sanitarios específicos para a detección, intervención e apoio ás vítimas en situación de violencia cando as mulleres teñan unha situación de vulnerabilidade específica ou sexan discapacitadas.

ATENCIÓN PSICOLÓXICA

A asistencia psicolóxica inmediata será considerada como un servizo de atención primaria, en coordinación coa atención especializada nas áreas sanitarias, e deberá procurar a desaparición da sintomatoloxía presentada e a total rehabilitación psicolóxica das vítimas: a finalidade é conseguir unha recuperación integral das mulleres, fornecéndolles mecanismos que promovan a súa autonomía e lles impidan verse de novo envoltas en relacións de maltrato.

O dereito á asistencia psicolóxica gratuíta recoñéceselles ás mulleres que sufran vx e comprenderá tanto a atención inicial coma o seguimento durante o proceso terapéutico.

Considéranse prioritarias as intervencións con mulleres que se atopen en situación de violencia e presenten problemas de saúde mental, dependencia de substancias aditivas e/ou outras patoloxías que requiran un tratamento psicolóxico específico.

Recoñécese o dereito á asistencia psicolóxica gratuíta para as e os menores e para outras persoas dependentes que vivan ou padezan situacións de vx. Esta asistencia comprenderá medidas de apoio psicosocial específicas e adaptadas ás súas características e necesidades.

A Xunta de Galicia desenvolverá programas de atención psicolóxica gratuíta destinada a homes con problemas de violencia machista.

DEREITOS EN MATERIA DE FORMACIÓN, EMPREGO E INSERCIÓN LABORAL

As mulleres vítimas de violencia de xénero teñen os seguintes dereitos en materia de emprego e para a inserción laboral:

- ✓ Itinerario de inserción sociolaboral, individualizado e deseñado por persoal especializado.
- ✓ Programa formativo específico para favorecer a inserción sociolaboral por conta allea.
- ✓ Incentivos para favorecer o inicio dunha nova actividade por conta allea.
- ✓ Incentivos para as empresas que contraten vítimas de violencia de xénero.
- ✓ Incentivos para facilitar a mobilidade xeográfica.
- ✓ Incentivos para compensar diferenzas salariais.
- ✓ Convenios con empresas para facilitar a contratación de mulleres vítimas de vx e a súa mobilidade xeográfica.

A xunta de Galicia, co fin de favorecer a integración sociolaboral das mulleres que sofren vx, adoptará as seguintes medidas:

- ✓ Establecemento das mulleres que sofren vx como colectivo preferente na totalidade da normativa autonómica relativa ao establecemento de axudas e subvencións ás empresas para a contratación de persoal.
- ✓ Establecemento dun réxime de axudas e subvencións específico para as empresas que contraten mulleres que sofren vx, establecendo medidas e accións para fomentar a súa contratación con carácter estable.
- ✓ Establecemento dun réxime de axudas e subvencións para as mulleres que sofren vx cando decidan constituírse como traballadoras autónomas. Neste caso, fixaranse tamén axudas para garantir apoio e seguimento tutorial personalizado do seu proxecto.
- ✓ Establecemento dun réxime de axudas e subvencións para o fomento de emprego de mulleres que sofren vx a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais e os órganos e organismos das Administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro.
- ✓ Integración preferente das mulleres que sofren vx en todos os programas de formación profesional, ocupacional e continua, e de inserción laboral que se poñan en marcha desde a Xunta de Galicia. Os cursos de formación profesio-

nal ocupacional terán que incluír axudas económicas para as mulleres que sofren vx, segundo as condicións que regulamentariamente se establezan.

O Servizo Público de Emprego de Galicia garantirá en todos os procedementos de selección que se efectúen a través das oficinas de emprego a preferencia das mulleres que sofren vx, sempre e cando cumpran todos os requisitos establecidos nas ofertas de emprego.

As competencias da Xunta de Galicia en materia de prevención de riscos para protexer a seguridade e a saúde no traballo integrarán activamente entre os seus obxectivos e as súas actuacións o principio de igualdade de trato entre mulleres e homes, investigando a influencia da vx na aparición ou no agravamento de enfermidades profesionais ou na causa de accidentes de traballo.

DEREITOS ECONÓMICOS

Dereitos en materia de prestacións para a seguridade social

- ✓ Para os efectos das prestacións por maternidade ou paternidade, consideraranse situacións asimiladas á de alta os períodos considerados como de cotización efectiva respecto das traballadoras vítimas de violencia de xénero.
- ✓ Dereito á pensión de xubilación anticipada por causa non imputable á traballadora das mulleres que extingan o seu contrato de traballo como consecuencia de ser vítimas de violencia de xénero e reúnan os requisitos esixidos.
- ✓ Dereito á pensión de viuvez nos supostos de separación, divorcio ou nulidade matrimonial das mulleres vítimas de violencia de xénero que, aínda que non sexan acreedoras da pensión compensatoria, acrediten os requisitos esixidos.
- ✓ Incremento da pensión de orfandade dos orfos nos termos dos supostos de orfandade absoluta, cando o condenado por sentenza firme non puidese adquirir a condición de beneficiario da pensión de viuvez.
- ✓ A traballadora autónoma, para ter dereito á protección por cesamento de actividade, debe reunir os requisitos esixidos e estar en situación (legal) de cesamento de actividade de forma temporal ou definitiva por causa de violencia de xénero.

Prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero

Esta axuda recóllese no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

A Xunta, a través do departamento competente en materia de igualdade, garantirá unha prestación económica de carácter periódico ás mulleres vítimas de violencia de xénero. Para a concesión desa prestación terase en conta a situación socioeconómica

das mulleres; irá dirixida a posibilitar a súa autonomía e independencia económica con respecto ao seu agresor ou á persoa que mantivese sobre ela unha relación de dominación, coa finalidade de axudala a romper coa situación de violencia.

A Xunta regulará esta prestación a través dunhas bases reguladoras, aprobadas mediante orde ou resolución pola persoa titular do departamento competente en materia de igualdade. Esas bases garantirán en todo caso un prazo de solicitude aberto todo o ano e establecerán como potenciais beneficiarias as vítimas das formas de violencia de xénero física, psicolóxica e de tráfico de persoas.

Regularanse as bases da convocatoria e tramitaranse as axudas de pagamento que se definan na lexislación estatal, segundo o disposto na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero a través do departamento competente en materia de igualdade da Xunta de Galicia.

Ten carácter periódico e está dirixida ás mulleres vítimas de violencia de xénero. O seu prazo de solicitude permanece aberto ao longo de todo o ano. Adxudicarase tendo en conta a situación socioeconómica das mulleres e constará de doce mensuralidades, cunha contía que varía en función dos ingresos da solicitante:

- ✓ Con ingresos iguais ou menores ao IPREM vixente: a axuda será, con carácter xeral de 600 €/mes.
- ✓ Con ingresos entre superiores ao IPREM vixente ata un 1,5 veces este, con carácter xeral serán de 300€ /mes.
- ✓ Con ingresos superiores a máis de 1,5 veces o IPREM vixente, con carácter xeral serán de 200 €/mes.

Axuda económica específica para mulleres vítimas de violencia de xénero con especiais dificultades para obter un emprego

No artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e mais no Real decreto 1452/2005, do 2 de decembro, asegúrase que a normativa relativa ao procedemento de tramitación será a aprobada pola comunidade autónoma en que se solicite a axuda

Aboarase nun único pagamento, calculando o importe en función dun número de mensuralidades do subsidio de desemprego correspondente, dependendo de se a muller ten familiares ao seu cargo e estes (ou ela mesma) teñen recoñecido algún grao de discapacidade.

Non ten consideración de renda ou ingreso computable para os efectos da percepcións das pensións non contributivas.

É unha axuda económica dirixida ás mulleres vítimas de violencia de xénero que reúnan os seguintes requisitos:

- ✓ carecer de rendas que, en cómputo mensual, superen o 75 % do SMI vixente, excluída a parte proporcional das dúas pagas extraordinarias, e
- ✓ ter especiais dificultades para obter un emprego, o que se acredita mediante un informe emitido polo Servizo Público de Emprego.

É compatible coas previstas na Lei 35/1995, do 11 de decembro, de axudas e asistencia a vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual, así como con calquera outra axuda económica de carácter autonómico ou local concedida pola situación de violencia de xénero.

É incompatible con outras axudas que cumpran a mesma finalidade, así como a participación no programa de RAI.

Renda activa de inserción (RAI)

O Real decreto 1369/2006, do 24 de novembro, regula o programa de renda activa de inserción para persoas desempregadas con especiais necesidades económicas e dificultades para encontrar emprego.

É unha axuda económica que se recoñece a persoas desempregadas e mediante a que se realizan actuacións para incrementar as oportunidades de inserción no mercado de traballo.

A contía da RAI é do 80 % do IPREM mensual vixente en cada momento.

Inclúe unha axuda suplementaria de pagamento único cando a muller se viu obrigada a cambiar de residencia polas súas circunstancias nos doce meses anteriores á solicitude de admisión no programa ou durante a súa permanencia nel, de contía equivalente ao importe de tres meses de RAI. Requisitos:

- ✓ Acreditar a condición de vítima de violencia de xénero.
- ✓ Estar inscrita como demandante de emprego.
- ✓ Non convivir co seu agresor.
- ✓ Ser menor de 65 anos.
- ✓ Carecer de rendas propias superiores ao 75 % do SMI (excluída a parte proporcional das dúas pagas extraordinarias).

Pódese ser beneficiaria aínda que se fora beneficiaria doutro programa nos 365 días anteriores á solicitude.

Anticipos por impagamento de pensións alimenticias

A súa asignación está establecida normativamente polo Real decreto 1618/2007, de 7 de decembro, sobre organización e funcionamento do Fondo de garantía do pagamento de alimentos.

A través do Fondo de garantía de pagamento de alimentos garántese o pagamento de alimentos recoñecidos e impagados establecidos en convenio xudicialmente aprobado ou en resolución xudicial en procesos de separación, divorcio, declaración de nulidade de matrimonio, filiación mediante o aboamento dunha cantidade que terá a condición de anticipo.

Asígnase para a unidade familiar en función dos recursos e ingresos económicos (temos que multiplicar a contía anual do IPREM polo coeficiente correspondente en función do número de fillos menores).

As beneficiarias teñen dereito ao anticipo da cantidade mensual determinada en concepto de pagamento de alimentos (limitado a 100 euros mensuais e a 18 meses).

En caso de ter a garda e custodia de menores, enténdese que existe unha situación de urxente necesidade, polo que se tramitará o procedemento de urxencia (prazo máximo de resolución e notificación de dous meses).

As persoas beneficiarias dos anticipos son, con carácter xeral, os fillos ou fillas titulares dun dereito de alimentos xudicialmente recoñecido e impagado, que formen parte dunha unidade familiar cuxos recursos e ingresos económicos, computados anualmente e por todos os seus conceptos, non superen a cantidade resultante de multiplicar a contía anual do IPREM, vixente no momento da solicitude do anticipo, polo coeficiente que corresponda en función do número de fillos menores que integran a unidade familiar.

Ingreso mínimo vital (IMV) e vítimas de violencia de xénero

O IMV é unha prestación non contributiva da Seguridade Social que garante uns ingresos mínimos ás persoas ou familias que carecen deles. Desta maneira, quen se atope en situación de vulnerabilidade poderá solicitalo.

As mulleres vítimas de violencia de xénero susceptibles de acceder ao IMV terán que acreditar a súa situación a través da orde de protección ou, de non a haber, co informe do ministerio fiscal indicativo da «existencia de indicios de que a demandante é vítima de violencia de xénero». Os ingresos da persoa ou unidade de convivencia solicitante deberán ser inferiores á renda garantida polo IMV para cada caso, como tamén se establecerán límites para o nivel de patrimonio (excluíndo o valor da vivenda habitual).

O IMV é compatible con outras axudas sociais, como as obtidas para a vivenda, axudas de emerxencia ou bolsas. Tamén é compatible cos ingresos laborais ou obtidos por autónomas/os, sempre que non supere o limiar establecido.

O servizo web da Seguridade Social incluíu un modelo simulador na súa páxina para lles facilitar ás persoas que o necesitan a información sobre se o poden solicitar e como (en anexos).

A situación de vítima de violencia de xénero leva consigo certos beneficios con respecto a esta prestación:

- ✓ Non poderán ser beneficiarias do IMV persoas usuarias dunha prestación de servizo residencia, de carácter social, sanitario ou sociosanitario, con carácter permanente e financiada con fondos públicos, salvo no suposto de ser vítima de violencia de xénero ou de tráfico de seres humanos e explotación sexual.
- ✓ En caso de a vítima de violencia de xénero non estar integrada nunha unidade de convivencia, esixirase ser maior de idade (en lugar de ter un mínimo de 23 anos).
- ✓ Non se lle esixirá á vítima de violencia de xénero ou de tráfico de seres humanos e explotación sexual o requisito de ter residencia legal e efectiva en España e tela de forma continuada e ininterrompida durante, polo menos, o ano inmediatamente anterior á data de presentación da solicitude.
- ✓ Non terá que acreditar que viviu de forma independente e permaneceu de alta en calquera dos réximes que integran o sistema da seguridade social durante polo menos 12 meses, continuados ou non, e sempre que acredite que o seu domicilio foi distinto ao dos seus proxenitores, titores ou acolledores durante tres anos anteriores a solicitude.
- ✓ Non se lle esixirá que, no caso de formar parte dunha unidade de convivencia, esta estea constituída, nos termos do artigo 6, de forma continuada e durante polo menos o ano anterior á presentación da solicitude.

BENEFICIOS SOCIAIS

DEREITO Á ESCOLARIZACIÓN INMEDIATA

Os fillos e fillas das vítimas de violencia de xénero afectados por un cambio de residencia derivado desa condición teñen dereito á súa escolarización inmediata no novo lugar de residencia (artigo 5 e disposición adicional décimo sétima da LO 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero).

BOLSAS E AXUDAS AO ESTUDO

Ofrécese un tratamento específico para as solicitantes de bolsa que foran declaradas vítimas de violencia de xénero, e para os seus fillos e fillas menores de idade solicitantes de bolsa que foran expostos a esa violencia de xénero, exonerándoos do cumprimento de certos requisitos académicos esixidos con carácter xeral para a obtención de bolsa (RD 951/2018, polo que se establecen os límites de renda e patrimonio familiar e as contías das bolsas e axudas de estudo para o curso 2018-2019, e se modifica o RD 1721/2007, do 21 de decembro, polo que se establece o réxime de bolsas e axudas ao estudo personalizadas).

ACCESO Á VIVENDA

As mulleres vítimas de violencia de xénero constitúen un colectivo con dereito á protección preferente no acceso á vivenda:

- ✓ Posibilidade de acollerse á suspensión de lanzamentos sobre vivendas habituais (xudiciais ou extraxudiciais) de execución hipotecaria.
- ✓ Posibilidade de acceder ao Fondo Social de Vivendas en alugueiro do Instituto de Maiores e Servizos Sociais.
- ✓ Teñen a consideración de sector preferente para os efectos das axudas previstas no Plan Estatal para o acceso a vivenda en réxime de alugueiro a sectores con dificultades económicas.
- ✓ Programas axuda a persoas en situación de desafiuzamento ou lanzamento da súa vivenda habitual
- ✓ Programa de subsidiación de prestamos convidos.
- ✓ Programa de axuda ao alugueiro de vivenda.
- ✓ Prioridade no acceso a vivenda protexida e residencias públicas para maiores

EQUIPAMENTOS SOCIAIS ESPECIALIZADOS

Consideraranse colectivos preferentes para acceder aos equipamentos sociais especializados, en especial residencias de maiores e centros de día, as mulleres maiores, as afectadas por diversidade funcional e as dependentes que sufran violencia de xénero.

ACCESO PRIORITARIO ÁS VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA

Na adxudicación das promocións de vivenda pública, serán prioridade as necesidades das mulleres que sufran violencia de xénero e se atopen en situación de precariedade económica. Poderá, tamén, reservarse un número de vivendas adaptadas para mulleres que sufran violencia de xénero con mobilidade reducida de carácter permanente.

AXUDAS ESCOLARES

Ponderarase como factor cualificado na concesión destas axudas a situación de violencia de xénero no ámbito familiar dos/as menores. Especialmente nas destinadas a gastos escolares, de transporte, de comedor e de actividades extraescolares.

PROCEDEMENTO ABREVIADO PARA A PERCEPCIÓN DA RENDA DE INTEGRACIÓN SOCIAL DE GALICIA

Tramitación, concesión e aboamento da renda de integración social de Galicia (RISGA) para as mulleres que, cumprindo os requisitos legais para a súa percepción, sufran violencia de xénero.

O dereito ao recoñecemento da prestación e o aboamento efectivo efectuaranse nun prazo máximo dun mes dende a solicitude formulada pola interesada ante os servizos sociais correspondentes.

As mulleres acollidas en recursos de carácter residencial teñen dereito a percibir a renda de integración social de Galicia aínda cando a súa manutención básica sexa cuberta por estes centros no caso de que se cumpran o resto dos requisitos esixidos.

DEREITOS DAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS ECONOMICAMENTE DEPENDENTES

A Lei 20/2007, de 20 de xullo, reguladora do Estatuto do traballo autónomo, establece os dereitos das traballadoras autónomas economicamente dependentes:

- ✓ Dereito á adaptación do horario da actividade.
- ✓ Dereito á extinción da relación contractual.
- ✓ Considerarase causa xustificada de interrupción da actividade por parte da traballadora a situación de vx.
- ✓ Beneficios na cotización á Seguridade Social para vítimas de vx que causan alta inicial ou que non estiveran en situación de alta nos dous anos inmediatamente anteriores, a contar dende a data de efectos de alta, no réxime especial da seguridade social dos traballadores por conta propia ou autónomos; e para vítimas de vx que se establezan como traballadoras por conta propia incluídas no sistema especial para traballadores por conta propia agrarios.

DEREITOS DAS TRABALLADORAS POR CONTA ALLEA

Texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, aprobado por Real decreto lexislativo 2/20015, do 23 de outubro.

O recoñecemento dos dereitos laborais ás vítimas de vx ten como finalidade evitar que, a causa da violencia que sofren, abandonen o mercado laboral. Para iso, recoñécense-lles dereitos tendentes a procurar a conciliación de traballo coa situación de violencia de xénero; garántese a súa protección, de se veren obrigadas a abandonar o seu posto de traballo, ben con carácter temporal, ben con carácter definitivo, e procúrase a súa inserción en caso de que non estivesen empregadas.

- ✓ Redución ou reordenación do seu tempo de traballo con diminución proporcional do salario ou a reordenación do tempo de traballo mediante a adaptación do horario, a aplicación do horario flexible ou outras formas de ordenación do tempo de traballo que se utilicen na empresa, para que a muller faga efectiva a súa protección ou o seu dereito a asistencia social integral.
- ✓ Mobilidade xeográfica: as mulleres que se vexan obrigadas a abandonar o seu posto de traballo na localidade onde viñan prestando os seus servizos, para facer efectiva a súa protección ou o seu dereito á asistencia social integral, terán dereito preferente a ocupar outro posto de traballo, do mesmo grupo profesional ou categoría equivalente, que a empresa teña vacante en calquera outro dos seus centros de traballo. A empresa reservaralle o posto de traballo durante os primeiros seis meses.
- ✓ Suspensión da relación laboral con reserva do posto de traballo. Dereito a suspensión do contrato de traballo por decisión da traballadora que se vexa obrigada a abandonar o seu posto de traballo como consecuencia de ser vítima de violencia de xénero, con reserva do posto de traballo. Reincorporación nas mesmas condicións existentes no momento da suspensión do contrato.
- ✓ Extinción do contrato de traballo. Dereito á extinción do contrato de traballo por decisión da traballadora que se vexa obrigada a abandonar definitivamente o seu posto de traballo como consecuencia de ser vítima de violencia de xénero.
- ✓ Consideración de xustificadas as ausencias ou faltas de puntualidade ao traballo motivadas pola situación física ou psicolóxica da vítima de violencia de xénero cando así o determinen os servizos sociais ou de saúde. A traballadora comunicará á empresa o máis axiña as devanditas ausencias.
- ✓ Nulidade da decisión extintiva do contrato no suposto das traballadoras vítimas de violencia de xénero polo exercicio dos dereitos de redución ou reordenación do seu tempo de traballo, de mobilidade, de cambio de centro de traballo ou de suspensión da relación laboral nos termos e condicións recoñecidos no ET.
- ✓ Nulidade do despedimento disciplinario no suposto das vítimas de violencia de xénero polo exercicio dos dereitos de redución ou reordenación do seu tempo de traballo, mobilidade xeográfica, de cambio de centro de traballo ou de suspensión da relación laboral nos termos e condicións recoñecidos no ET.

GARANTIR E MELLORAR OS DEREITOS NA NEGOCIACIÓN COLECTIVA

Ademais, os plans de igualdade fixarán obxectivos e actuacións concretas encamiñadas a mellorar a situación das mulleres vítimas de violencia de xénero nos seguintes eidos:

- ✓ Establecer cotas nas actividades formativas para quen acredite a condición de vítima de violencia de xénero.
- ✓ Prevención da violencia de xénero: formación e concienciación sobre os seus dereitos ao cadro de persoal.
- ✓ Favorecer o teletraballo ás persoas que acrediten a condición de vítima de violencia de xénero para favorecer a conciliación.
- ✓ Selección e contratación: favorecer en igualdade de condicións o acceso a mulleres vítimas de violencia de xénero.
- ✓ A concesión de permisos retribuídos para as ausencias totais ou parciais xustificadas.
- ✓ A elección da quenda de traballo.
- ✓ Elección preferente dos períodos de vacacións para as vítimas de violencia de xénero con fillas, fillos e/ou dependentes ao seu cargo.
- ✓ Formación sobre os dereitos ao cadro de persoal.
- ✓ Promover a contratación ou promoción das mulleres vítimas de violencia de xénero en igualdade de condicións coas outras persoas candidatas.
- ✓ Elaborar e difundir unha guía cos dereitos asociados á condición de vítima de violencia de xénero.
- ✓ Garantir a confidencialidade e seguridade das vítimas de violencia de xénero.

Como representantes deste Sindicato, temos que comprometermos a levar a cabo unha serie de prácticas tendentes a facilitar a inserción e a continuidade no mercado laboral das mulleres vítimas de vx. Así, as nosas metas neste eido serán amplas e pasan por cumprir cos seguintes puntos:

- ✓ Denunciar e condenar todo tipo de violencia contra as mulleres.
- ✓ Garantir o dereito, difusión e posible mellora dos dereitos laborais, sociais e económicos establecidos na Lei 1/2004, a través dos convenios colectivos e dos plans de igualdade.
- ✓ Formar e sensibilizar contra a violencia de xénero a RLT, delegadas e delegados.
- ✓ Promover a colaboración e actuación conxunta cos poderes públicos, as organizacións políticas e sociais e o conxunto da sociedade.

ANEXO I

Incluimos unha listaxe de ligazóns a páxinas web onde informarse e tramitar estas axudas de forma telemática.

- ✓ Ingreso mínimo vital (IMV)

<https://ingreso-minimo-vital.seg-social-innova.es/simulador>

- ✓ Renda activa de inserción (rai) en liña

Axuda suplementaria RAI para vítimas de violencia de xénero

<https://sede.sepe.gob.es/portalSedeEstaticos/flows/gestorContenidos?page=sv01>

- ✓ Renda de inserción social galega (RISGA) en liña

<https://politicasocial.xunta.gal/es/temas/inclusion-social/ayudas-y-prestaciones/renta-deinclusion-social-de-galicia-risga>

- ✓ Axudas e indemnizacións para mulleres vítimas de violencia de xénero

<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=SI434B>

ANEXO II: CENTROS DE INFORMACIÓN DA MULLER (CIM)

PROVINCIA DA CORUÑA	
CIM da Mancomunidad de Municipios da Comarca de Ordes Rúa L. Xoxardo, s/n 15680 Ordes Teléfono: 981 682 108 Correo electrónico: cim@ordes.dicoruna.es	CIM de Ames Rúa de Abaixo n.º 10 Milladoiro, 15890 Ames Teléfono: 981 535 941 / Fax: 981 525 348 Correo electrónico: cim@concellodeames.org
CIM de Ares Praza da Constitución, s/n 15624 Ares Teléfono: 981 468 102 Correo electrónico: cim@concellodeares.com	CIM de Arteixo Avenida do Balneario, 10, baixo 15142 Arteixo Teléfono: 981 601 415 Correo electrónico: muller@arteixo.org
CIM de Arzúa Rúa Santiago, 2 15810 Arzúa Teléfono: 981 501 101 Correo electrónico: cim@arzua.dicoruna.es	CIM das Pontes Rúa Rosalía de Castro, 28,2.º, Edif. Casa Dopeso 15320 As Pontes de García Rodríguez Teléfono: 981 441 008 Correo electrónico: cim@aspontes.org
CIM de Boiro Casa do Concello, 2.º andar Praza de Galicia, s/n 15930 Boiro Teléfono: 981 842 826 Correo electrónico: cim@boiro.org	CIM de Boqueixón Forte, s/n 15881 Boqueixón Teléfono: 981 513 061 Correo electrónico: cim@boqueixon.com
CIM de Carballo Praza Médico Eduardo Mariño, s/n 15100, Carballo, A Coruña Teléfono: 981 700 688 Correo electrónico: cim@carballo.org	CIM de Cee Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/n Casa do concello 15270 Cee Teléfono: 607 026 795 Correo electrónico: cim@cee.dicoruna.es
CIM de Coirós Edificio de usos múltiples, 55 A 15316 Coirós Teléfono: 981 776 296 Correo electrónico: cim@coiros.es	CIM da Coruña Rúa Hortensias, s/n, Barrio das Flores 15008 A Coruña Teléfono: 981 184 356 / Fax: 981 184 357 Correo electrónico: cim@coruna.es
CIM de Culleredo Costa da Lonxa, n.º 7 baixo - O Burgo 15670 Culleredo Teléfono: 981 654 570 Correo electrónico: cim@culleredo.org	CIM de Curtis Praza de España, 1, Casa do Concello, 2.º andar Teixeiro 15310 Curtis Teléfono: 981 789 121 Correo electrónico: cimconcellocurtis@gmail.com
CIM de Ferrol Rúa Lugo, 56 15402 Ferrol Teléfono: 981 944 124 Correo electrónico: cim@ferrol.es	CIM da Laracha Edificio de uso administrativo, Avda. de Fisterra, 60 15145 A Laracha Teléfono: 981 612 811 Correo electrónico: cim@alaracha.es
CIM de Melide Rúa Principal, 44, 1.º 15800 Melide Teléfono: 981 505 706 Correo electrónico: cim@concellodemelide.gal	CIM de Muros Rúa Rosalía de Castro, 30, 1.º 15250 Muros Teléfono: 981 762 465 / Fax: 981 762 257 Correo electrónico: cimmuros@hotmail.com
CIM de Muxía Rúa Real, 35 15124 Muxía Teléfono: 981 708 595 Correo electrónico: cim@muxia.dicoruna.es	CIM de Negreira Rúa do Carne, 3, 2.º 15830 Negreira Teléfono: 981 886 320 Correo electrónico: cimmnegreira@yahoo.es
CIM de Noia Rúa do Curro, 4 15200 Noia Teléfono: 981 828 011 Correo electrónico: cim.noia@hotmail.com	CIM de Ortigueira Rúa Recheo da Alameda, s/n, 1.ª planta 15330 Ortigueira Teléfono: 981 402 542 Correo electrónico: cim@concellodeortigueira.com
CIM de Outes Praza do Bosque, s/n 15230 Serra de Outes Teléfono: 981 850 949 Correo electrónico: cim@outes.es	CIM de Padrón Praza Rodríguez Cobián, 4 15900 Padrón Teléfono: 981 817 025 Correo electrónico: cimpadron95@gmail.com

CIM de Ribeira Rúa Deán Pequeno, n.º 4 baixo, edif. Mirador de Padín 15960 Ribeira Teléfono: 981 874 131 - 981 873 409 Correo electrónico: cim@riveira.com	CIM de Santa Comba Rúa Coruña, s/n, Vivenda Comunitaria, baixo 15841 Santa Comba Teléfono: 981 104 309 Correo electrónico: cim@santacomba.es
CIM de Santiago de Compostela Rúa Isaac Díaz Pardo, 2 15705 Santiago de Compostela Teléfono: 981 542 465 Correo electrónico: cim@santiagodecompostela.gal	CIM de Teo Centro Sociocultural da Ramallosa, 2.º andar Ramallosa, S/N - Luci 15883 Teo Teléfono: 981 809 707 Correo electrónico: cim@teo.gal
CIM de Zas Travesía de Santiago, 40 15850 Zas Teléfono: 981 708 303 Correo electrónico: cim@zas.dicoruna.es	


PROVINCIA DE LUGO	
CIM de Burela Rúa Eijo Garay, 20 (Casa do Concello) 27880 Burela Teléfono: 982 580 609 Correo electrónico: cim@burela.org	CIM de Chantada Praza de Galicia, s/n, 2.ª planta, Edif. Multiusos 27500 Chantada Teléfono: 982 462 299 Correo electrónico: cimchantada@yahoo.es
CIM de Lugo Avenida da Coruña, 212 27003 Lugo Teléfono: 982 297 412 Correo el.: cmuller@concellodelugo.org	CIM de Mondoñedo Casa do Concello, Pr. do Concello, n.º 1 baixo 27740 Mondoñedo Teléfono: 982 521 369 Correo electrónico: cimmondonedo@yahoo.es
CIM de Monforte de Lemos Paseo do Malecón, s/n, 1.ª planta 27400 Monforte de Lemos Teléfono: 982 416 350 Correo electrónico: cim@concellodemonforte.com	CIM de Palas de Rei Rúa Bernardino Pardo Ouro, s/n 27200 Palas de Rei Teléfono: 982 380 003 Correo electrónico: cim.palasderei@gmail.com
CIM de Quiroga Rúa Real, 52, 2.º 27320 Quiroga Teléfono: 982 438 951 Correo electrónico: cimquiroga@hotmail.com	CIM de Ribadeo Rúa Bos Aires, 26, Auditorio municipal 27700 Ribadeo Teléfono: 982 120 739 Correo electrónico: cim@ribadeo.org
CIM de Sarria Rúa Matías López, 33 27600 Sarria Teléfono: 982 535 061 Correo electrónico: cim@sarria.es	CIM de Vilalba Praza da Constitución, 1 27800 Vilalba Teléfono: 982 523 032 Correo electrónico: cim@vilalba.es
CIM de Viveiro Claustro de S. Francisco, Avda. de Cervantes, s/n 27850 Viveiro Teléfono: 982 550 421 Correo electrónico: cim@viveiro.es	

PROVINCIA DE OURENSE	
CIM da Mancomunidade de Concellos de Santa Águeda. A Pena 32101 Vilamarín Teléfono: 988 286 184 Correo electrónico: cimsantagueda@gmail.com	CIM da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín Rúa Cancelón, 1 32600 Verín Teléfono: 988 414 600 Correo electrónico: cim@mancoverin.es
CIM da Mancomunidade Intermunicipal de Conso-Frieiras Estrada das Ventas a Vilardevós, n.º 65 baixo Edificio Multiusos 32611 Riós Teléfono: 988 594 487 Correo el.: cim.mancomunidadeconsofrieiras@gmail.com	CIM da Mancomunidade Terra de Celanova Barrio da Hermida, 39 32800 Celanova Teléfono: 988 451 646 Correo electrónico: cim@terracedelanova.es

CIM da Mancomunidade Voluntaria do Ribeiro Fondal de Beade, s/nº 32431 Beade Teléfono: 988 477 153 Correo electrónico: cimribeiro@ribeiro.org	CIM A da Pobra de Trives Paseo de San Roque, 4, 2.º 32780 A Pobra de Trives Teléfono: 988 330 012 Correo electrónico: cimtrives@gmail.com
CIM de Avión Praza do Concello, 1 32520 Avión Teléfono: 988 486 528 Correo electrónico: muller@concelloavion.org	CIM de Barbadás Rúa Campo de San Antón, n.º 4 32890 Barbadás Teléfono: 988 222 251 Correo electrónico: igualdade@barbadas.gal
CIM do Barco de Valdeorras Praza do Concello, 1, baixo 32300 O Barco de Valdeorras Teléfono: 988 320 202 Correo electrónico: cim@concellodobarco.org	CIM de Maceda Xardíns Rosalía de Castro 32700 Maceda Teléfono: 988 463 554 Correo electrónico: cim@concellodemaceda.org
CIM de Muíños Praza San Rosendo, 1 Mugueimes 32880 Muíños Teléfono: 988 456 403 Correo electrónico: cim.muinos2005@hotmail.com	CIM do Carballiño Rúa Faustino Santalices, 10 32500 Carballiño Teléfono: 988 531 076 Correo electrónico: cim@carballino.gal
CIM de Ourense Rúa Ensino, 24 32002 Ourense Teléfono: 988 393 191 / Fax: 988 393 200 Correo el.: concelleriamuller@ourense.es	CIM de Viana do Bolo Rúa Constitución, 14 32550 Viana do Bolo Teléfono: 988 329 260 Correo electrónico: cimviana@gmail.com
CIM de Xinzo de Limia Avenida de Ourense, 19 32630 Xinzo de Limia Teléfono: 988 460 848 Correo electrónico: cimconcelloxinzodelimia@gmail.com	

PROVINCIA DE PONTEVEDRA	
CIM da Mancomunidade do Salnés Rúa Ourense, 8, 3.º andar 36630 Cambados Teléfono: 986 520 510 Correo electrónico: cim@osalnes.com	CIM da Estrada Praza da Constitución, 1 36680 A Estrada Teléfono: 986 590 151 Correo electrónico: cim@astrada.es
CIM da Guarda Praza do Reló, s/n 36780 A Guarda Teléfono: 986 614 648 Correo electrónico: muller@aguarda.es	CIM da Lama Avenida do Concello, n.º 1 136830 A Lama Teléfono: 986 768 238 Correo electrónico: cim@concellodalama.com
CIM de Baiona Rúa Dolores Agrelo, 16, 1.º 36300 Baiona Teléfono: 986 357 554 Correo electrónico: cim@baiona.org	CIM de Bueu Rúa de Eduardo Vincenti, n.º 28 B, baixo 36930 Bueu Teléfono: 986 324395 Correo electrónico: cim@concellodebueu.gal
CIM de Caldas de Reis Rúa Afonso VII, 2, baixo 36650 Caldas de Reis Teléfono: 986 530 814 Correo el.: igualdade@caldasdereis.com	CIM de Gondomar Casa da Cultura - Rúa Portugal, 2, baixo 36380 Gondomar Teléfono: 986 360 224 Correo el.: cim@concellodegondomar.com
CIM de Lalín Praza de Galicia, n.º 1 36500 Lalín Teléfono: 986 787 060 Correo electrónico: cim@lalin.gal	CIM de Cangas Rúa Andalucía, 3, baixo. Edif. Xoia 36940 Cangas Teléfono: 986 392 268 Correo electrónico: cim@cangas.gal
CIM de Marín Finca de Briz, rúa A Costa, s/n 36900 Marín Teléfono: 986 891 802 Correo electrónico: cimmarin@gmail.com	CIM de Moaña As Barxas, 2 36950 Moaña Teléfono: 986 310 100 (prema a opción 3) Correo electrónico: moanacim@hotmail.com

CIM de Mos Autovía Vigo-Porriño, 86, Petelos 36419 Mos Teléfono: 986 337 278 Correo electrónico: cimmos@concellomos.es	CIM de Nigrán Cruce Rúa Mariñeiro. Estrada Pola Vía, 65 36350 Nigrán Teléfono: 986 383 081 Correo electrónico: cim@nigran.org
CIM de O Grove Rúa Matadoiro s/n 36980 O Grove Teléfono: 986 730 900 Correo electrónico: cim@concellodogrove.com	CIM de Poio Rúa Domingo Fontán, 4A 36005 Poio Teléfono: 986 770 001 ext. 409, 410, 411 Fax: 986 872 404 Correo electrónico: igualdade@concellopoio.org
CIM de Ponte Caldelas Avda. de Galicia, 17 36820 Ponte Caldelas Teléfono: 986750013 (ext. 4) Correo electrónico: cim@pontecaldelas.org	CIM de Ponteareas Rúa Oriente, 8 36860 Ponteareas Teléfono: 986 644 653 Correo electrónico: cim@ponteareas.es
CIM de Pontevedra Praza de José Martí, s/n, 3.º andar 36002 Pontevedra Teléfono: 986 864 825 Correo el.: igualdade@concellopontevedra.es	CIM do Porriño Rúa Antonio Palacios, 1 36400 O Porriño Teléfono: 986 337 429 Correo electrónico: cim@oporriño.org
CIM de Redondela Rúa Isidoro Queimaliños, 2 36800 Redondela Teléfono: 986 408 043 Correo electrónico: igualdade@redondela.es	CIM de Sanxenxo Rúa Rafael Pico, 4.Portonovo 36970 Sanxenxo Teléfono: 986 727 901 Correo electrónico: cimsanxenxo@sanxenxo.es
CIM de Silleda Rúa Chousa Nova, 67 36540 Silleda Teléfono: 986 592037 Correo electrónico: cim@silleda.es	CIM de Soutomaior Peirao 8, Multiusos de Arcade.Arcade 36690 Soutomaior Teléfono: 986 701 227 Correo electrónico: cim@soutomaior.es
CIM de Valga Baño, s/n. Xanza 36645 Valga Teléfono: 986559456 / Fax: 986 559 455 Correo electrónico: cim@valga.es	CIM de Vigo Rúa Romil, 20 36202 Vigo Teléfono: 986 293 963 Correo electrónico: info.muller@vigo.org
CIM de Vilagarcía de Arousa Praza Ravella, 1 36600 Vilagarcía de Arousa Teléfono: 986 099 200 Correo electrónico: muller@vilagarcia.es	



Coa colaboración da:



**XUNTA
DE GALICIA**